

Plan de igualdad



Curso 2019-2020

Índice

1. Introducción

- 1.1. Xustificación: a necesidade dun Plan Coeducativo.
- 1.2. Composición da Comisión de Igualdade
- 1.3. Contextualización

2. Marco lexislativo

- 2.1. Ámbito Europeo
- 2.2. Ámbito Estatal
- 2.3. Ámbito Autonómico
- 2.4. Ámbito Municipal

3. Diagnose

4. Obxectivos

- 4.1. Obxectivos Xerais
- 4.2. Obxectivos Específicos
 - 4.2.1. Alumnado
 - 4.2.2. Profesorado
 - 4.2.3. Familias
 - 4.2.4. Persoal non docente

5. Contidos

6. Proxectos e accións coeducativas

7. Avaliación e indicadores de logro

Anexos

- Enquisas para a diagnose
- Glosario

1. Introducción

1.1. Xustificación: a necesidade dun Plan de Igualdade e de Diversidade Afectivo-sexual.

No último claustro do curso 2018-19 a dirección do noso centro o IES Rosalía de Castro de Santiago propuxo a elaboración dun Plan de Igualdade e de Diversidade Afectivo-Sexual que foi aprobado sen que ningún membro de dito claustro se manifestase en contra. Nomeouse tamén nesa xuntanza unha responsable de Igualdade no centro e indicouse que, a tal fin se crearía unha Comisión de Igualdade.

Estas propostas xorden da consciencia de que investir en igualdade supón gañar en seguridade e xustiza e que a coeducación é unha responsabilidade, tal vez a máis importante, no noso labor docente.

Cando se anunciou a todo o claustro de profesorado do IES Rosalía de Castro de Santiago que iamos iniciar a tarefa de elaborar este Plan, á vez que desenvolveríamos o maior número posible de actividades coeducativas, indicouse que o que se pretendía era diagnosticar en primeiro lugar e, en base ao diagnóstico resultante, tomar medidas encamiñadas a evitar calquera tipo de discriminación por cuestión de xénero, respectar e apoiar a diversidade afectivo-sexual no centro e previr as violencias machistas.

Trataríase en definitiva de facer do noso centro, un centro coeducativo no que o noso alumnado se sinta seguro e no que non haxa nin privilexios nin discriminacións. O noso Plan de Igualdade e de diversidade vai servir de guía que axude a coordinarnos para lograr este obxectivo.

1.2. Composición da comisión de igualdade.

1.2.1. Profesorado.

A idea é que houbera representación do maior número posible de departamentos e modalidades de ensino do centro, que houbera profesoras e profesores, representación da dirección e de orientación. No claustro do cometo de curso 2019/20 volveuse informar de que se ía a elaborar o Plan de Igualdade e formar una comisión para levalo a cabo. O profesorado foise sumando e o certo é que somos un grupo bastante representativo:

✓ 19 mulleres e 7 homes (dista da paridade, mais a representación masculina é importante)

✓ Membros de 11 departamentos:

Historia (2)	Educación Física (2)	Inglés (2)
Física e Química(1)	Lingua Castelá (2)	Tecnoloxía (1)
Bioloxía (3)	Matemáticas(1)	Plástica(2)
Lingua Galega(5)	Ciclos(2)	Orientación (1)
Equipo Directivo(2)		

1.2.2. Alumnado.

Contamos cun Grupo de Igualdade de Alumnado formado por 5 rapaces e 10 rapazas de 1º de Bacharelato e que se vai ir ampliando a todos os niveis e cursos do centro.

Trátase de alumnado voluntario que participa (case na súa totalidade) no Club de Lectura Coeducativo do centro. Elixiuse este nivel para comezar a formar o grupo do alumnado porque foron elas e eles que manifestaron o desexo de formar parte das actividades coeducativas do centro e porque, ao ser dun nivel superior, son os e as que mellor poden axudar a difundir e aglutinar o resto do alumnado.

1.3. Contextualización.

O IES Rosalía de Castro é un instituto urbano e con moita arraigame na cidade de Santiago de Compostela. Aglutina diversas modalidades de ensino, así como niveis e cursos. Estes son os datos xerais do centro:

I. Alumnado

ESO

Curso	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
1º ESO	54	52	106	51 %
2º ESO	59	46	105	56 %
3º ESO	59	44	103	57 %
4º ESO	45	63	108	42 %
TOTAL ESO	217	205	422	51 %

Bacharelato




Curso	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
1º BAC CIENCIAS	51	53	104	49 %
1º BAC CCSS	32	24	56	57 %
1º BAC HUMANIDADES	5	3	8	63 %
2º BAC CIENCIAS	51	49	100	51 %
2º BAC CCSS	19	16	35	54 %
2º BAC HUMANIDADES	4	5	9	44 %
TOTAL Bacharelato	162	150	312	52 %

Ciclos

	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
1º ANIMACIÓN	21	6	27	78 %
1º AXENCIAS	15	13	28	54 %
1º SOCIODEPORTIVA	7	23	30	23 %
2º ANIMACIÓN	19	7	26	73 %
2º AXENCIAS	21	10	31	68 %
2º SOCIODEPORTIVA	5	26	31	16 %
TOTAL CICLOS	88	85	173	51 %


Adultos

Curso	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
1º BAC CIENCIAS	3	2	5	60 %
1º BAC HUMANIDADES	4	1	5	80 %
2º BAC CIENCIAS	5	11	16	31 %
2º BAC CCSS	2	6	8	25 %
2º BAC HUMANIDADES	7	5	12	58 %
TOTAL BAC ADULTOS	21	25	46	46 %




Analizando as materias optativas de 1º e 2º de bacharelato científico podemos observar:

1º Bacharelato por materias




2º Bacharelato por materias



E analizando as materias técnicas optativas, podemos comprobar que a fenda de xénero é moi grande:


Materias técnicas ESO e Bacharelato



II. Profesorado

Departamentos	Mulleres	Homes	Totais
ALEMÁN	2	0	2
BIOLOXÍA	6	2	8
ECONOMÍA	2	2	4
EDUCACIÓN FÍSICA	2	5	7
EDUCACIÓN PLÁSTICA	1	2	3
FILOSOFÍA	0	5	5
FÍSICA E QUÍMICA	4	3	7
FOL	1	1	2
FRANCÉS	4	0	4
HOSTELERÍA E TURISMO	8	1	9
INGLÉS	10	0	10
INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA	1	2	3
LATÍN	0	1	1
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	8	1	9
LINGUA GALEGA E LITERATURA	6	2	8
MATEMÁTICAS	6	5	11
MÚSICA	0	2	2
ORIENTACIÓN	4	0	4
RELIXIÓN	1	1	2
TECNOLOXÍA	0	3	3
XEOGRAFÍA E HISTORIA	5	3	8
TOTAL	71	41	112

Profesorado IES Rosalía de Castro



2. Marco lexislativo

2.1. Ámbito Europeo.

Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Artigo 8.

No eido concreto da educación, a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, despois de 2015, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

2.2. Ámbito Estatal.

- **Constitución** (artigo 14 e 32):

Artigo 14: Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social.

Artigo 32: 1. El hombre y la mujer tienen derecho a contraer matrimonio con plena igualdad jurídica. 2. La ley regulará las formas de matrimonio, la edad y capacidad para contraerlo, los derechos y deberes de los cónyuges, las causas de separación y disolución y sus efectos.

- **Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro:** Creación do Observatorio de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- **Lei orgánica 3/2007 22 marzo Título IV:** O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.
- **Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro:** Convivencia e participación da comunidade educativa.

- **Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV:** A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres.
- **Decreto 86/2015 do 25 de xuño:** Currículo educación secundaria e bacharelato.
- **Decreto 9/2018 Medidas urxentes desenvolvemento Pacto de Estado contra a violencia de xénero.**
- **Acordo 22022019- Medidas Violencia de Xénero-Pacto de Estado.**

2.3. Ámbito Autonómico.

- Estatuto De Autonomía De Galicia (1981). Artigo 4.1: “... os poderes públicos desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude”.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014).
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres.
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (Abril 2016).

2.4. Ámbito Municipal.

IV Plan de igualdade 2017 - 2020. Santiago de Compostela.

Medidas:

- 14. Campaña de sensibilización para traballar a educación con perspectiva de xénero nos centros educativos e socioculturais.

[Desenvolvemento: Programa de accións para a sensibilización das comunidades educativas con material e formación dirixido ás ANPAS e ás directivas dos centros de ensino para o deseño de actividades con perspectiva de xénero.

Material formativo lúdico e innovador dirixido ao alumnado e persoas usuarias dos centros socioculturais para traballar e desmontar mitos e crenzas sobre o modelo de socialización diferencial. Facelas protagonistas das accións como suxeitos e creadoras].

- 15. Ampliación e adaptación dos programas para a prevención da violencia de xénero nos centros de ensino incluíndo accións formativas e de sensibilización sobre educación afectivo sexual.

[Desenvolvemento: Ampliación e adaptación de iniciativas existentes dirixidas ao alumnado de infantil, primaria e secundaria]

- 16. Identificar e visibilizar as iniciativas existentes a prol da igualdade con perspectiva de xénero nos centros educativos.

[Desenvolvemento: Deseño dun banco de boas prácticas e creación dunha rede de centros educativos do concello pola igualdade. Actividades, programas, proxectos... (comisións de igualdade, proxectos educativos inclusivos e interculturais), promocionando as ferramentas e recursos aos centros do concello].

- 17. Incorporar criterios de xénero e coeducativos para a dotación de material lúdicoeducativo nos centros socioculturais e escolas infantís municipais.

[Desenvolvemento: Dotar os centros socioculturais de material educativo e lúdico (xogos e xoguetes, coleccións, bibliografía...) integrador e inclusivo con

perspectiva de xénero. E ir retirando aqueles materiais que reproduzan estereotipos e roles sexistas]

Obxectivo 8: Promover a práctica deportiva en clave de igualdade de xénero

Descrición

Neste apartado recóllese propostas dirixidas a facilitar o acceso das mulleres aos espazos e equipamentos deportivos, adaptándoas ás súas peculiaridades e necesidades físicas. Ao tempo, aborda o traballo sobre os estereotipos de xénero e a visibilización das mulleres no deporte a través do deseño de actividades dirixidas a promover o empoderamento das mulleres.

Medidas

- 24. Campaña de sensibilización nos centros de ensino para o coñecemento e práctica de actividades deportivas inclusivas.

[Desenvolvemento: Divulgación nos centros de ensino de experiencias de actividades

deportivas en clave de integración coa participación de clubs, federacións etc.

Campaña dirixida a nenas e nenos.]

- 25. Revisión e adecuación das instalacións deportivas municipais para a práctica deportiva das mulleres.

[Desenvolvemento: Incorporación da perspectiva de xénero na revisión para adecualas ás distintas franxas de idade. Facer partícipes as mulleres deportistas do deseño e contraste de necesidades sobre dotación de material, adecuación de tamaños, alturas, mais aló de instalacións para o aseo.]

- 26. Programación dentro da oferta deportiva municipal dun campus mixto para favorecer a participación de nenas e mozas nas disciplinas tradicionalmente masculinizadas.

- 27. Deseño dunha campaña sobre mulleres no deporte.

[Desenvolvemento: Programa de “referentes” ou “mentoras” dirixido ao ámbito deportivo para visibilizar as mulleres no deporte e crear figuras de referencia para a cidadanía]


3. Diagnose

No primeiro trimestre do curso 2019-2020 levarase a cabo un proceso de diagnose que pretendemos sexa o máis exhaustivo posible. O Seminario de Igualdade encargado de elaborar o Plan de Igualdade e Diversidade do Centro, nas súas primeiras reunións de traballo, elaborará unhas enquisas o máis exhaustivas posibles dirixidas ás familias, ao alumnado, ao profesorado e ao persoal non docente. Cos datos recabados analizaremos cal é o contexto do que partimos, cales son as debilidades e fortalezas do noso centro e en base a elas deseñaranse as medidas e actividades para acadar o obxectivo de facer do noso centro, un centro coeducativo.

A modo de exemplo, incluímos os resultados acadados a partir dos resultados das enquisas dirixidas ás familias:


1. Cantos membros compoñen a unidade familiar?

278 respostas




2. Cantas mulleres traballan fóra da casa?

278 respostas



3. Cantos homes traballan fóra da casa?


278 respostas




Tarefas:

5. Cre que hai profesións que desempeñan mellor os homes e outras as mulleres?

278 respostas




4. Na súa casa, quen fai estas tarefas domésticas?




6. Cre que hai deportes que practican mellor os homes e outros as mulleres?

278 respuestas




7. Na súa familia acoden ás mesmas actividades extraescolares os nenos e as nenas?

278 respuestas




8. Cando se compran xoguetes, xogos ou libros na súa familia, pénsase se é neno ou nena?

278 respuestas




9. Como definiría o feminismo?

278 respuestas




10. Considera que a violencia machista é un tema que pertence ao ámbito privado das familias e das parellas e non se debe intervir?

278 respostas




12. Viviu ou coñece algún caso de discriminación por razón de xénero?

278 respostas




12.1. Onde se produciu?

163 respostas




13. Coñece casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla, humillación ou insulto?

278 respostas



13.1. Onde se produciron?

130 respostas



4. Obxectivos

4.1. Obxectivos Xerais.

O noso Plan de Igualdade substéntase en tres pilares que van ser os que determinen cales van ser os nosos obxectivos:

- Evitar calquera tipo de discriminación por razóns de xénero no noso centro educativo.
- Atender e apoiar a diversidade afectivo-sexual que presenta o noso alumnado.
- Previr e evitar calquera tipo de violencia machista no noso instituto.

Atendendo a estes tres pilares, sinalaremos os seguintes obxectivos xerais:

- **COÑECER E EVITAR AS DISCRIMINACIÓNS DERIVADAS DAS DIFERENZAS DE XÉNERO:** detectando posibles situacións problemáticas que dan orixe a discriminación por razóns de xénero e/ou orientación sexual.
- **ATENDER E APOIAR A DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL QUE PRESENTA O NOSO ALUMNADO,** introducindo de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Acción Tutorial.
- **IDENTIFICAR E PREVIR A VIOLENCIA MACHISTA, ADEMAIS DE PROPOR SOLUCIÓNS Á MESMA,** dando a coñecer modelos diversos de relacións positivas nos distintos ámbitos (parella, laboral, amizade, familiar...)

- USO DUNHA LINGUAXE PARA A IGUALDADE NA COMUNICACIÓN (LIC) A NIVEL ORAL E ESCRITO.

4.2. Obxectivos Específicos.

4.2.1. Alumnado.

- Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.
- Utilizar e formar na aplicación de destrezas sociais e comunicativas que permitan a resolución positiva dos conflitos.
- Promover prácticas coeducativas que procuren superar as relación de dominación e dependencia e que permitan avanzar cara á igualdade.
- Facilitar a utilización igualitaria de espazos no recreo para rapazas e rapaces.
- Empoderar e aumentar a autoestima das alumnas na nosa comunidade educativa.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

4.2.2. Profesorado.

- Exemplificar, co noso traballo diario, unha actitude coeducadora.
- Analizar os posibles desequilibrios en canto á participación das mulleres (profesoras e alumnas) nos órganos do centro.
- Analizar e revisar os materiais didácticos existentes no centro, para detectar e corrixir, de ser necesario, o non uso dunha linguaxe inclusiva.
- Uso dunha linguaxe inclusiva como un dos criterios para escoller os libros de texto.
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Acción Tutorial.

4.2.3. Familias.

- Contribuír á eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores.
- Realizar actividades de información e sensibilización en temas relacionados coa igualdade e a diversidade afectivo-sexual.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de xénero ou orientación sexual.

4.2.4. Persoal non docente.

- Axudar na xestión dos espazos e dos recursos para promocionar e difundir o labor coeducativo no centro.
- Avanzar no uso de formas e expresións verbais non sexistas nos contextos comunicativos (aulas, oficinas, con familias...) do Centro Educativo e consolidar unha linguaxe coeducativa escrita, en todos os documentos do centro: cartas e comunicados, cartelaría, boletíns...

5. Contidos

- Educación emocional en igualdade.
- Uso non sexista da linguaxe, a nivel escrito e oral.
- As desigualdades por razón de sexo.
- Os mitos do amor romántico.
- Diversidade afectivo-sexual.
- Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.
- Empoderamento das mulleres.
- Análise dos estereotipos de xénero, tanto na publicidade, televisión, música, como nos espazos de ocio do centro educativo e fóra del.
- Uso e reparto dos espazos do centro.
- Corresponsabilidade nas tarefas domésticas.
- Análise dos libros de texto e materiais escolares.
- O feminismo.
- Escalera de violencia machista na adolescencia.
- Resolución positiva dos conflitos (escoita activa e asertividade)
- Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercrimes de xénero.
- Prevención das violencia machistas.

6. Proxectos e accións educativas

Son moitos os proxectos e actividades que a medio e longo prazo queremos desenvolver no noso centro como a creación dun observatorio de apoio ao alumnado lgbtqi que así o demande, a formación de alumnado que exerza de xeito voluntario de axentes coeducadores coa rapazada que comeza no centro etc..(Estas iniciativas xa propostas levaranse a cabo en cursos vindeiros).

Algunhas das acción coeducativas propostas para levar a cabo de xeito inmediato son:

Denominación da actividade	TABOLEIRO COEDUCATIVO
Obxectivo	Difundir toda a actividade desenvolvida en materia de coeducación no centro
Contido	Será un lugar de exposición, reflexión, reivindicación, celebración... coeducativa.
Persoas destinatarias	Toda a comunidade educativa.
Metodoloxía de traballo	Haberá profesorado e alumnado reponsable de expor fotografías, informacións, avisos etc...
Materiais e recursos	Fotografías, folletos etc...
Lugar de desenvolvemento	Situado no primeiro andar do edificio.
Temporalización	Todo o ano.

Denominación da actividade	CLUB DE LECTURA COEDUCATIVO
Obxectivo	Contribuír a formación e reflexión do alumnado en materia de igualdade.
Contido	Lectura de obras que formen o alumnado en materia de Igualdade.

Persoas destinatarias	Alumnado de 1ºBach
Metodoloxía de traballo	Reunións periódicas do grupo e actividades complementarias(charlas con escritorxs, visita a unha librería feminista etc...)
Materiais e recursos	As obras que se repartirán nas reunións e outro tipo de materiais como marcapáxinas, cadernos de escrita...
Lugar de desenvolvemento	Biblioteca do centro, aínda que as actividades complementarias poderán ser fóra do instituto.
Temporalización	Todo o curso escolar.
Instrumentos de avaliación	Posta en común nas reunións do grupo.

Denominación da actividade	CELEBRACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE (DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES)
Obxectivo	Concienciar e contribuír á prevención de calquera tipo de violencia machista.
Contido	Actos para o alumnado de ESO e Bacharelato consistentes en: -Lectura de relatos e cartas compostos polo alumnado. -Lectura do manifesto do centro, tamén da autoría do alumnado. -Preformance: Cronoloxía do terror. Leranse os nomes das mulleres asasinadas no ano e estas serán representadas por alumnas vestidas de negro que formarán un círculo unidas por unha cinta malva simbolizando a sororidade e formulando o desexo de que o círculo quede pechado para sempre.
Persoas destinatarias	Alumnado e profesorado do centro.
Metodoloxía de traballo	Traballo previo por niveis nas titorías e posta en común o 25 de novembro

Materiais e recursos	Carteis, cinta malva, megafonía...
Lugar de desenvolvemento	Pavillón do centro.
Temporalización	Traballo previo durante o mes de novembro e acto o día 25 dese mes.
Instrumentos de avaliación	As titoras e titores mediante a observación valorarán a aportación de cada alumn@.

Denominación da actividade	DESMONTANDO OS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO
Obxectivo	Reflexionar sobre a vixencia ou non dalgúns dos mitos do amor romántico e que perigos conlevan.
Contido	Os límites do mal amor fronte as relacións igualitarias.
Persoas destinatarias	Alumnado de todos os cursos de ESO
Metodoloxía de traballo	Nos departamentos de LLCastelá, LLGalega e Música traballaranse letras de cancións que máis lles gusten ao noso alumnado para analizar se conteñen valores machistas ou non. Traballaranse con algún programas de TV para ver que modelos de amor proponen e as características dos mozos e mozas que aparecen neles.
Materiais e recursos	Deseñarase un semáforo amoroso xigante para colgar no oco da escaleira entre o vestíbulo e o primeiro andar. Na parte verde poremos dez características dunha relación san e igualitaria, na laranxa outras dez dunha relación que comeza a presentar problemas e na vermella, o dunha relación insan e violenta.
Lugar de desenvolvemento	Aulas
Temporalización	14 DE FEBREIRO
Instrumentos de avaliación	Valoración das intervencións orais en debates.

Denominación da actividade	CAMPAÑA QUE É O FEMINISMO?
Obxectivo	Concienciar sobre a necesidade de acadar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
Contido	Desde os contidos curriculares dos departamentos didácticos implicados, reflexionase nas aulas sobre o que significa esta palabra e os dereitos en igualdade, acadados grazas a este movemento
Persoas destinatarias	Todo o alumnado do centro
Metodoloxía de traballo	O alumnado escollerá frases que despois se utilizarán para facer globos de cómic, cos que poderán fotografar nun photocall deseñado para a ocasión.
Materiais e recursos	Cámara fotográfica e todo o preciso para elaborar os globos de comic.
Lugar de desenvolvemento	A primeira parte nas aulas e a segunda na entrada do centro.
Temporalización	Dúas últimas semanas de febreiro e a intervención o 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
Instrumentos de avaliación	Observación e visualización dos materiais elaborados.

Denominación da actividade	SABÉMONOS DIVERSXS, EDUCÁMONOS EN IGUALDADE.
Obxectivo	Contribuír a formación e reflexión do alumnado en materia de diversidade afectivo-sexual.
Contido	A diversidade afectivo-sexual. Experiencias
Persoas destinatarias	Alumnado de diferntes niveis do centro.
Metodoloxía de traballo	Nas aulas dos niveis elixidos para levar a cabo a actividade traballarase co vídeo de Arelas: Diversxs e asistirán á charla cun membro desta asociación.

Materials e recursos	Vídeo de Arelas: Diversxs e charla cun membro desta asociación.
Lugar de desenvolvemento	Salón de Actos do centro.
Temporalización	17 maio (día internacional contra a homofobia e a transfobia)
Instrumentos de avaliación	Posta en común nas aulas.

7. Avaliación e indicadores de logro

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Existe un equipo de igualdade que desenvolve actuacións	Os espazos para as actuacións en igualdade non están delimitados, nin adaptados as necesidades de ambos sexos e colectivos LGTBIQ
Existe un blog onde se recollen actuacións levadas a cabo	Non existe por parte dos departamentos unha análise dos libros de textos ou materiais escritos e audiovisuais que revisen a linguaxe, imaxes, presenza ou ausencia de mulleres nos diferentes sectores profesionais.
Dende a Biblioteca téñense levado a cabo accións promotoras da igualdade.	A linguaxe inclusiva non está na totalidade dos documentos do centro.
O equipo directivo ten presenza feminina.	Non se ofertan materias específicas de coeducación.
Lévanse a cabo actividades puntuais que involucran a gran numero de profesorado e alumnado. Así como a axentes externos.	A linguaxe oral non sexista do profesorado non está xeneralizada nos contextos formais como claustros, avaliacións, concello social e actos públicos en xeral.

OPORTUNIDADES	AMEAZAS
A traxectoria do centro en medidas de sensibilización levadas a cabo ata o momento fomenta o interese de implicación.	Aínda que a normativa é clara na implementación das medidas depende exclusivamente da voluntariedade do profesorado involucrarse nas accións a levar a cabo xa que non existe normativa que asigne recursos específicos (humanos, materiais, temporais) ao desenvolvemento das accións.

Existe un grupo entre o profesorado interesado na implementación do Plan de Igualdade no centro.	A sobrecarga de funcións do profesorado (horas lectivas, nº de alumnado, calidade...) dificulta a asunción de novas responsabilidades.
Existe un grupo de profesorado interesado en recibir formación específica en Igualdade	Moitos documentos xa están revisados e os datos desagregados por sexo.
Canalízanse as actuacións a través das xefaturas dos departamentos. Apelando á voluntariedade dalgún das ou dos seus membros.	

♦ **Avaliación:**

Utilizaranse os seguintes criterios:

- Observación.
- Valoración das actividades que se realicen por parte dos distintos departamentos didácticos.
- Enquisas final curso (profesorado, familias, alumnado)

♦ **Indicadores de logro:**

Teranse en conta os seguintes:

- Utilízase unha **lingua coeducativa** nos documentos de centro.
- O centro ten unha comisión de igualdade que se ocupa de coordinar as accións coeducativas.
- O centro dispón dun **taboleiro de novas** ou difunde información sobre igualdade/violencia de xénero/LGTBIQ.
- Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro o **25 de novembro** (Día Internacional contra a Violencia de Xénero).
- Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro o **8 de marzo** (Día Internacional da Muller).

- Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro para fomentar o respecto pola **diversidade afectivo-sexual**.
- O centro promove o uso de **materiais didácticos coeducativos**.
- O centro procura a **paridade** nas accións de representación do profesorado.
- O centro promove a paridade nas accións de participación e representación entre o alumnado.
- No **Plan de Acción Titorial**, figuran accións concretas para fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- No Plan de Acción Titorial, figuran accións concretas para a prevención da violencia de xénero e lgbtifobia.
- Realízanse accións concretas con todo o alumnado para o fomento da **igualdade de oportunidades** entre homes e mulleres.
- Realízanse accións concretas dirixidas a todo o alumnado para a prevención da violencia de xénero.
- Realízanse accións concretas dirixidas a todo o alumnado para a prevención da **lgbtifobia**.
- O centro ofrece actividades de información/formación ás familias para sensibilizar contra a violencia machista.
- O centro ofrece actividades de información/formación ás familias para coeducar nos afectos e na sexualidade.
- A biblioteca escolar dispón dunha sección sobre igualdade/coeducación/feminismo.
- O centro promove as lecturas coeducativas nas actividades de promoción do hábito lector.
- O centro xestiona o uso do **patio** para facelo coeducativo.
- Existe un **club de lectura** coeducativo no centro.
- Realízaranse actividades para fomentar a vocación STEM entre as rapazas.

Anexos

Anexo 1. Modelos de enquisas utilizadas na fase de diagnose.

ENQUISA FAMILIAS

1. Cantos membros compoñen a unidade familiar?:

2. Das persoas que conviven no domicilio familiar (ou domicilios, no caso de custodia compartida), cantos son?:

MULLERES

HOMES

NENAS (MENORES DE 18 ANOS)

NENOS (MENORES DE 18 ANOS)

3. Cantos membros traballan fóra da casa ?:

MULLERES

HOMES

4. Na súa casa, quen fai habitualmente estas tarefas domésticas? Indique H se son homes e M se son mulleres:

LIMPAR O BAÑO

POÑER A LAVADORA E TENDER A ROUPA

COCIÑAR

LIMPAR A COCIÑA

PASAR O FERRO

PASAR A ASPIRADORA

BAIXAR O LIXO

POÑER A MESA E RECOLLELA

FACER A COMPRA

PENSAR O QUE SE VAI COMER E O QUE SE TEN QUE COMPRAR

FACER A CAMA E ARRANXAR O CUARTO

5. Cre que hai profesións que desempeñan mellor os homes e outras que fan mellor as mulleres?

SI

NON

6. En caso afirmativo, cales?

MULLER:

HOME:

7. Cre que hai deportes que practican mellor os homes e outros nos que o fan mellor as mulleres?

SI

NON

8. En caso afirmativo, cales?

MULLER:

HOME:

9. Na súa familia acoden ás mesmas actividades extraescolares os nenos e as nenas?

SI

NON

10. No caso de ser diferentes, cales fan en cada caso?

NENOS:

NENAS:

11. Cando se compran xoguetes, xogos ou libros na súa familia, pénsase se é neno ou nena?

SI

NON

12. Como definiría o feminismo?

O contrario do machismo

Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres

Movemento que defende a superioridade das mulleres en detrimento dos homes.

13. Considera que a violencia machista é un tema que pertence ao ámbito privado das familias e das parellas e non se debe intervir?

SI

NON

14. Cales destas opcións considera que son violencia machista?

CELOS E BRONCAS ENTRE ADOLESCENTES

PIROPOS

CUESTIONAR A VALÍA DA PARELLA

CUESTIONAR A VESTIMENTA DA PARELLA

CONTROLAR O MÓBIL E AS REDES SOCIAIS

INSULTAR

DEIXAR ALGUNHA AFECCIÓN PORQUE A PARELLA O PIDE, COMO UN SINAL DE AMOR

CRITICAR AS AMIZADES

FACER CHANTAXE EMOCIONAL

15. Viviron ou coñecen algún caso de discriminación por razón de xénero?

SI

NON

16. Onde se produciu?

CASA

CENTRO ESCOLAR

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

OUTROS LUGARES

17. Coñecen casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla, humillación ou insulto?

SI

NON

18. En caso afirmativo, onde se produciron?

CASA

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CENTRO ESCOLAR

OUTROS LUGARES

19. Que medidas, dirixidas aos e ás adolescentes, lle parecerían adecuadas para evitar discriminacións e previr a violencia de xénero?

Modelo dixital da enquisa enviada ás familias e folla resumen das respostas xerada automaticamente:

Enquisa Familias

Data límite de entrega 30 de novembro de 2019

*Obligatorio

1. Cantos membros compoñen a unidade familiar? *

Tu resposta _____

2. Cantas mulleres traballan fóra da casa? *

Tu resposta _____

3. Cantos homes traballan fóra da casa? *

Tu resposta _____

4. Na súa casa, quen fai estas tarefas domésticas? *

	MULLERES	HOMES
LIMPAR O BAÑO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
POÑER A LAVADORA E TENDER A ROUPA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
COCIÑAR	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
LIMPAR A COCIÑA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
PASAR O FERRO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
PASAR A ASPIRADORA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
BAIXAR O LIXO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
POÑER A MESA E RECOLLELA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
FACER A COMPRA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
PENSAR O QUE SE VAI COMER E O QUE SE TEN QUE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

RESUMEN
INDIVIDUAL

1. Cantos membros compoñen a unidade familiar?
278 respuestas

Cantidade	Respostas	Porcentaxe
1	3	1,1 %
2	8	2,9 %
3	62	22,3 %
4	151	14,7 %
5	41	14,7 %
6	1	0,4 %
7	9	3,2 %
8	1	0,4 %
9	1	0,4 %
10	1	0,4 %
11	1	0,4 %

2. Cantas mulleres traballan fóra da casa?
278 respuestas

Cantidade	Respostas	Porcentaxe
0	24	8,6 %
1	235	84,5 %
2	17	6,1 %
3	2	0,7 %

3. Cantos homes traballan fóra da casa?
278 respuestas

Cantidade	Respostas	Porcentaxe
0	37	13,3 %
1	228	82 %
2	12	4,3 %
3	1	0,4 %

ENQUISA ALUMNADO

CURSO:

IDADE:

1-Como te definirías?:

MULLER

HOME

OUTROS

2-Con quen convives?:

NAI E PAI

NAI

PAI

NAI E NAI

PAI E PAI

OUTRXS TITORXS LEGAIS

3-Indica quen traballa fóra da casa?:

NAI E PAI

NAI

PAI

NAI E NAI

PAI E PAI

OUTRXS TITORXS LEGAIS

4-Na túa casa, quen fai estas tarefas domésticas ?

LIMPAR O BAÑO

POÑER A LAVADORA E TENDER A ROUPA

COCIÑAR

LIMPAR A COCIÑA

PASAR O FERRO

PASAR A ASPIRADORA

BAIXAR O LIXO

POÑER A MESA E RECOLLELA

FACER A COMPRA

PENSAR O QUE SE VAI COMER E O QUE SE TEN QUE COMPRAR

FACER A CAMA E ARRANXAR O CUARTO

5-E en cales destas tarefas domésticas participas ti?

LIMPAR O BAÑO

POÑER A LAVADORA E TENDER A ROUPA

COCIÑAR

LIMPAR A COCIÑA

PASAR O FERRO

PASAR A ASPIRADORA

BAIXAR O LIXO

POÑER A MESA E RECOLLELA

FACER A COMPRA

PENSAR O QUE SE VAI COMER E O QUE SE TEN QUE

COMPRAR

FACER A CAMA E ARRANXAR O CUARTO

6-Cres que hai profesións que desempeñan mellor os homes e outras que fan mellor as mulleres?

SI

NON

7-En caso afirmativo, cales?

-MULLER:

-HOME:

8- Os homes en Europa gañan un 16% máis que as mulleres por realizar o mesmo traballo.

VERDADEIRO

FALSO

9-Cres que hai deportes que practican mellor os homes e outros nos que o fan mellor as mulleres?

SI

NON

10-En caso afirmativo, cales?

-MULLER:

-HOME:

11-Que fas no recreo ?

PRACTICO DEPORTE

XOGO

PASEO

LEO

OUTRAS ACTIVIDADES

12- No recreo, cres que teñen as mesmas posibilidades de ocupar os espazos do Centro (patio, pavillón..) as rapazas e os rapaces?

SI

NON

13- Cres que hai xogos e xoguetes propios de rapazas e propios de rapaces?

SI

NON

14- En caso afirmativo, cales?

-RAPAZAS:

-RAPACES:

15. Que é o mellor de ser moza?

16. E o peor?

17. Que é o mellor de ser mozo?

18. E o peor?

19. A quen lle atribuirías as seguintes calidades: home, muller ou ambos?

TENRURA:

SEGURIDADE:

BELEZA:

VALENTÍA:

AGRESIVIDADE:

FRAXILIDADE:

20. Estás de acordo coa frase “Os homes non choran”?

SI

NON

21. Estarías de acordo en usar o feminino como xenérico? Exemplo: todas ao recreo (para alumnos e alumnas)

SI

NON

22. Cres que se debería utilizar unha lingua que englobase a homes e mulleres? (alumnado, profesoras e profesores...)

SI

NON

23. Usa o profesorado unha lingua non sexista ou inclusiva?

SI

NON

ÁS VECES

24. Incide o profesorado na visibilización do traballo das mulleres nos distintos ámbitos e materias?

SI

NON

ÁS VECES

SEMPRE

25. Cres que os libros de texto visibilizan o papel das mulleres, é dicir, cres que inclúen referentes femininos na historia, ciencia, literatura, plástica, matemáticas, etc.?

SI

NON

ÁS VECES

SEMPRE

26. Como definirías o feminismo?

O contrario do machismo

Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres

Movemento que defende a superioridade das mulleres en detrimento dos homes.

27. Es feminista?

SI

NON

28. Por que te defines como feminista ou non feminista?

29. Algunha vez sufriches ou observaches un exemplo de discriminación?

SI

NON

30. En caso afirmativo, queres dicir cal?

31. Onde se produciu?

CASA

CENTRO ESCOLAR

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

OUTROS LUGARES

32. Coñeces casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla ou insulto?

SI

NON

33. En caso afirmativo, onde se produciron?

CASA

CENTRO ESCOLAR

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

OUTROS LUGARES

34. Consideras que é violencia machista?

Questionar a valía e capacidade da parella

Enfadarse se non lle gusta como vai vestida a parella

Dar golpes a obxectos cando se enfada

Pedir o móbil para saber con quen se comunica

Insultar

Pegar

Deixar algunha afección porque a parella o pide, como un sinal de amor

Instalar unha aplicación no móbil da parella para saber onde está en cada momento...

35. Os celos son unha mostra de amor?

SI

NON

36. Que opinión che merecen os piropos por parte de alguén que non coñeces?

Agrádanme

Desagrádanme

Resúltanme indiferentes

37. Consideras que a diversidade afectivo-sexual (homosexualidade, transexualidade, heterosexuality...) está aceptada e apoiada no noso centro?

SI

NON

38. Cres que precisas información sobre a diversidade afectivo-sexual?

SI

NON

39. Cal é a túa fonte principal de información en temas de sexualidade?

Familia

Centro Escolar

Amizades

Internet

Outros

40. Consideras que estás nun instituto que fomenta a igualdade e evita as discriminacións en cuestións de xénero?

SI

NON

PARCIALMENTE

ENQUISA PROFESORADO

MULLER:

HOME:

1. Consideras que a coeducación é tarefa do profesorado?

SI

NON

2. Cres que a coeducación debe estar incluída , de xeito explícito, na práctica docente?

SI

NON

3. Cres que o coñecemento que tes de coeducación é suficiente?

SI

NON

4. Recibiches algunha vez formación en materia de igualdade?

SI

NON

5. En caso afirmativo, indica onde:

6. Consideras que nas túas aulas se visibiliza o labor das mulleres (materias, explicacións, actividades etc...)?

SI

NON

7. O material utilizado nas túas aulas usa unha linguaxe igualitaria ou inclusiva ?

SI

NON

8. Pensas que se debe revisar os libros de texto e materiais utilizados nas túas clases para evitar posibles contidos sexistas?

SI

NON

9. Tes percibido algún destes comportamentos sexistas no noso alumnado? :

DIFERENTE TRATAMENTO A PROFESORES E PROFESORAS

FORMAR EQUIPOS SÓ MASCULINOS OU FEMININOS

INTERCAMBIAR COMENTARIOS SEXISTAS ENTRE ELES E ELAS

COMPORTAMENTOS DISCRIMINATORIOS ANTE A DIVERSIDADE

AFECTIVO-SEXUAL

AGRESIÓNS VERBAIS OU FÍSICAS POR CUESTIÓNS DE XÉNERO.

OUTROS. CALES?:

10. Estás de acordo coa paridade de representación masculina e feminina nos órganos de xestión do centro (delegad@s, ANPA, Consello Escolar...)?

SI

NON

11. Ordena de maior a menor importancia (do 1 ao 5, sendo o 1 o máis importante) segundo a prioridade que lle dás no centro a:

RECURSOS INFORMÁTICOS

DOTACIÓN DE BIBLIOTECA,

COEDUCACIÓN

CONVIVENCIA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

12. Que consideras máis urxente (do 1 ao 5, sendo o 1 o máis importante) desde un punto de vista coeducativo para aplicar no noso centro?

AUMENTAR A FORMACIÓN EN COEDUCACIÓN DO PROFESORADO

IMPARTIR TALLERES DE COEDUCACIÓN PARA O ALUMNADO

ESTABLECER MEDIDAS QUE EVITEN DISCRIMINACIÓN E MAL TRATO ENTRE O ALUMNADO

PROMOVER UN GRUPO DE APOIO PARA O ALUMNADO CON DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

REVISAR O MATERIAL DIDÁCTICO E PREOCUPARSE DA VISIBILIZACIÓN DO LABOR DAS MULLERES NAS DIFERENTES MATERIAS

13. Consideras que a formación e práctica coeducativa do noso alumnado depende en maior medida:

DO CENTRO EDUCATIVO

DA FAMILIA

DE AMBOS

14. Tes interese por recibir formación en materia de igualdade?

SI

NON

15. En que grao de boa práctica coeducativa cres que se atopa o noso centro?

ALTO

MEDIO

BAIXO

ENQUISA PERSOAL NON DOCENTE

MULLER:

HOME:

1. Percibes discriminación laboral polo feito de ser home ou muller ?

SI

NON

2. “Os homes en Europa gañan un 16% máis que as mulleres por realizar o mesmo traballo.

Cres que esta afirmación é?

VERDADEIRA

FALSA

3. Cres que hai profesións que desempeñan mellor os homes e outras que fan mellor as mulleres?

SI

NON

4. En caso afirmativo, cales?

-MULLER:

-HOME:

5. Pensas que, en xeral, as mulleres teñen as mesmas posibilidades de ascenso laboral?

SI

NON

6. Cales cres que son os dous motivos principais de que o paro feminino sexa superior ao masculino?

Tendencia a contratar homes

As mulleres teñen máis difícil compatibilizar vida laboral e familiar

As mulleres teñen un nivel de formación máis baixo

As mulleres son máis esixentes á hora de buscar traballo

É casualidade

7. Os diferentes papeis que a sociedade atribúe aos homes (mantedores da familia) e mulleres (coidadoras)

Como se podería mellorar esta situación? (escolle dúas opcións)

Educando en Igualdade desde a escola

Repartindo as responsabilidades familiares e domésticas entre homes e mulleres

Facilitando o acceso de mulleres e homes a todas as profesións

Non hai que facer nada. A sociedade cambia soa

Non creo necesario cambiar nada

Con leis que promovan a igualdade

8. A quen atribuirías as seguintes palabras? HOME, MULLER, AMBOS:

RESPONSABILIDADE

PRODUTIVIDADE

EXPERIENCIA

AUTORIDADE

EFICIENCIA

EMPATÍA (saber poñerse no lugar da outra persoa)

9. Cres que se debería utilizar unha lingua que englobase a homes e mulleres? (alumnado, profesoras e profesores...)

SI

NON

10. Consideras que a violencia machista é un tema que pertence ao ámbito privado das familias e das parellas e non se debe intervir?

SI

NON

11. Cales destas opcións consideras que son violencia machista?

CELOS E BRONCAS ENTRE ADOLESCENTES

PIROPOS

CUESTIONAR A VALÍA DA PARELLA

CUESTIONAR A VESTIMENTA DA PARELLA

CONTROLAR O MÓBIL E AS REDES SOCIAIS

INSULTAR

DEIXAR ALGUNHA AFECCIÓN PORQUE A PARELLA O PIDE, COMO UN SINAL DE AMOR

CRITICAR AS AMIZADES

FACER CHANTAXE EMOCIONAL

12. Percibes algún comportamento discriminatorio entre os mozos e mozas na súa vida cotiá?

SI

NON

13. En que contexto se produciu?

COAS AMIZADES

NAS RELACIÓNS AMOROSAS

NAS REDES SOCIAIS

NA AULA

14. Coñeces casos onde a orientación sexual é motivo de burla e/ou humillación?

SI

NON

15. Tes interese por recibir formación en materia de IGUALDADE

SI

NON

Anexo II. Glosario.

♦ **Coeducación.**

A coeducación consiste en educar ás rapazas e rapaces superando os roles de xénero que a sociedade prescrebe para unhas e outros en función do sexo de pertenza. A súa finalidade é propicia-lo desenrolo integral das alumnas e os alumnos, para iso préstase especial atención á auto-aceptación, o recoñecimento da outra persoa e a valoración positiva das diferenzas a través dunha convivencia enriquecedora.

♦ **Colectivo LGTBI**

Son as siglas que designan internacionalmente a homes e mulleres homosexuais, bisexuais, transexuais e intersexuais.

♦ **Corresponsabilidade.**

Reparto equitativo das responsabilidades sociais, familiares e profesionais, entre ámbolos sexos, de tal xeito que o sustento económico da familia -tradicionalmente asignado aos homes-, así como tamén as tarefas domésticas e o coidado das persoas -tradicionalmente asignados ás mulleres sexan asumidos e compartidos por tódalas persoas da unidade de convivencia.

♦ **Currículo oculto.**

O que se aprende na escola dun xeito nin explícito nin intencional e que ademáis se transmite sen ser consciente o alumnado.

♦ **Determinismo biolóxico.**

Defende que as diferenzas entre os dous sexos son de carácter biolóxico e polo tanto naturais e inmutables. Isto emprégase como xustificación “científica” para a discriminación das mulleres.

◆ Día Internacional Das Mulleres

Celebración reivindicativa e lúdica que se leva a cabo o 8 de marzo.

◆ Día Internacional Contra A Violencia De Xénero.

O 25 de novembro conmemórase a data do asasinato das irmás Mirabal en 1960.

◆ Estereotipo Sexual

Asignación a cada un dos sexos diferentes papeis, actitudes, comportamentos e características.

◆ Femicidio

Asasinato de mulleres por causas asociadas á desigualdade de xénero.

◆ Feminismo

Movimento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela, transgrede e loita pola erradicación do sistema social imperante. O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

◆ Fenda Salarial

Diferenza de salario entre homes e mulleres.

◆ Homofobia

Aversión, odio ou prexuízo contra homes ou mulleres homosexuais, bisexuais, intersexuais ou transexuais.

◆ Homosexualidade

Atracción sexual por persoas do mesmo sexo.

◆ Identidade Sexual

É un xuício baseado na percepción da propia figura corporal. Está baseada nas diferenzas sexuais máis visibles. Fórmase ao longo dos tres primeiros anos de vida.

◆ Identidade De Xénero

É un xuício de auto clasificación baseado na construción psicolóxica, social e cultural das características masculinas ou femininas habitualmente atribuídas a homes e mulleres.

◆ Igualdade

A desigualdade entre mulleres e homes, ten a súa orixe na división sexual do traballo. Na sociedade moderna, a división sexual do traballo produxo unha clara dicotomía entre o ámbito público (estado, mercado e sociedade civil) e o privado (familia) e os roles que se desempeñaban neles. A igualdade admite diferenzas, mais non desigualdades. A desigualdade supón discriminación e privilexio; e a diferenza implica diversidade entre cousas da mesma especie, o cal non implica discriminacións ou privilexios de ningún tipo. A igualdade non significa eliminación das diferenzas senón a ausencia de discriminación pola existencia das diferenzas

◆ Discriminación De Xénero

“Toda distinción, exclusión ou restricción baseada no sexo que teña por obxecto ou resultado menoscabar ou anular o recoñecemento, goce ou exercicio pola muller, independentemente do seu estado civil, sobre a base da igualdade

do home e a muller, dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais nas esferas política, económica e social”.

◆ **Linguaxe: Emprego Sexista E Androcéntrico**

Utilización sesgada da lingua que conleva minusvaloración, ridiculización... das mulleres no caso do sexismo e exclusión e invisibilización das mesmas no caso do androcentrismo.

◆ **Machismo**

Actitudes, conductas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento da discriminación contra as mulleres.

◆ **Misoxinia**

Sexismo que implica odio e desprezo polas mulleres.

◆ **Patriarcado**

Etimoloxicamente, patriarcado procede do grego e significa "gobierno dos pais". O adxectivo patriarcal describe unha estrutura na que os varóns teñen poder sobre as mulleres.

Gerda Lerner (1986) definiuno como “a manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres e nenos/as da familia e a ampliación dese dominio sobre as mulleres na sociedade en xeral”.

◆ **Prexuizos**

Ideas que, a pesar de seren falsas ou simplificadoras, acéitanse como se fosen verdade, ao estaren baseadas en estereotipos culturalmente establecidos.

◆ Roles De Xénero

Comportamentos, atributos, expectativas, papeis sociais, funcións ou tarefas que se asignan ou agardan dunha persoa ou grupo de persoas determinadas en función do sexo ao que pertencen.

Son estereotipos que asignan capacidades, potencialidades e valores diferentes a mulleres e homes baseándose nunha construción errónea da identidade sexo-xénero.

◆ Sexismo

Actitudes que favorecen e perpetúan a desigualdade e a xerarquización no trato recibido polas mulleres baseándose na súa diferenciación sexual.

◆ Sororidade

Irmandade entre mulleres para eliminar a presión patriarcal.

◆ Teito De Cristal

Barreira invisíbel que impide ás mulleres o acceso a postos de responsabilidade. son formas de discriminación indirecta que obstaclizan a súa promoción.

◆ Transversalidade

En coeducación, supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenrolo e seguimento de todas as actuacións que afecten, dun xeito directo ou indirecto, á comunidade educativa.

◆ Transxénero

Termo xenérico que se emprega para describir a persoas que en diferentes formas se identifican co xénero oposto ao das súas características fisiolóxicas de nacemento.

♦ **Violencia De Xénero**

Todo acto de violencia sexista que ten como resultado un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación de liberdade para as mulleres.

♦ **Visibilización**

Acción de facer público o legado das mulleres e tratar de reparar a inxustiza cometida por ter ocultado o seu paso e pegadas pola historia.

